

MINUTA-BORRADOR DA ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de novembro de 2018
Duración	Desde as 21:10 ata as 24:00 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: D^a. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D^a. Milagros Martínez Piñeiro.

BNG: D^a. M^a. Josefa Cacabelos Domínguez; D^a. M^a. Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.

Somos Cambados: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

Cambados Pode: D. José Ramón Abal Varela.

PP: D. Luís Aragunde Aragunde; D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo; D. Juan Ramiro Gómez Blanco; D. Fabián Domínguez González; D^a Isabel Varela Piñeiro; D^a Ana Isabel Oubiña Santos.

Escusa a súa ausencia, por motivos persoais, D. Eulogio Pomares Botana.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día **29 de novembro de 2018**, reúnense os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública ordinaria do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3849/2018. MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS EN DEFENSA DA CALIDADE E INDEPENDENCIA DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA

D. Constantino Cordal Rodríguez, concelleiro do grupo municipal Somos Cambados, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia está a vivir, baixo os gobernos do PP, un proceso de desmantelamento do servizo público e manipulación informativa.

Dende a aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o seu incumprimento foi sistemático, especialmente naqueles aspectos que afondarían na independencia e calidade dos medios públicos.

En primeiro lugar, ao non desenvolver dita lei, permanece no seu cargo, dende 2009, o Director Xeral nomeado polo PP, cando debería ter sido elixido por unha ampla maioría de 2/3 no Parlamento.

O persoal da CRTVG ten denunciado control e manipulación por parte do Goberno galego, amparado no feito de que non se desenvolve a obriga legal de crear un Consello de Informativos que vele pola obxectividade (artigo 36 da Lei 9/2011). Exemplo flagrante desta situación de manipulación foi a cobertura sobre a vaga de lumes de outono de 2017.

Todo este proceso producise nun contexto de conflitividade laboral e redución do persoal fixo, así como a apostase pola externalización da producción, reducindo a mínimos a producción propia, con infratilización de medios propios, e apostando pola chamada “producción propia externalizada”.

Asemade, reduciuse o orzamento da dobraxe, un elemento tan importante para a normalización lingüística, provocando unha caída do emprego no sector da dobraxe en Galicia, que é o de máis calidade do Estado. A respecto da lingua, o Comité Intercentros da CRTVG alerta dun “progresivo desmantelamento da promoción do galego por parte da Corporación, que se manifesta na carencia de programación divulgativa específica e nun departamento lingüístico tan esganado que difficilmente pode asumir a supervisión da producción externa que chega ao centro emisor ao tempo que ofrece soporte ao persoal propio”. Isto é gravísimo nun medio que ten entre as súas obrigas fundamentais a contribución á normalización lingüística.

O control gobernamental sobre os medios públicos manifestouse cruentamente este ano co anuncio da nova programación que comeza este mes de setembro de 2018, apostando a Dirección da CRTVG pola desaparición do Diario Cultural tal e como estaba concibido e pola supresión das desconexións territoriais, o espazo das informacións de proximidad. Deste xeito, os contidos locais pasarán a estar controlados e seleccionados desde San Marcos, cun aumento do control informativo en vésperas das municipais. Neste escenario produciuse a dimisión dos dous presentadores do TX Serán, Tati Moyano e Alfonso Hermida, por razóns profesionais e discrepancia coa liña informativa e a CRTVG abriu un expediente informativo á citada presentadora por, segundo a Dirección, “possible incumprimento” da norma que impide usar medios da Corporación para actos alleos logo da participación da citada traballadora nunha gala benéfica da Asociación Española contra o cancro na que Beatriz Moyano reivindicou as mobilizacións do persoal en defensa do carácter de servizo público da CRTVG. Sendo os medios públicos de comunicación plurais e independentes un elemento central das sociedades democráticas, esta Corporación municipal non pode permanecer allea á situación da CRTVG.

ACORDO

1. Trasladar o apoio ás mobilizacións do persoal da CRTVG en defensa duns medios de comunicación públicos de calidade e independentes.
2. Trasladar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a necesidade de que se renove canto antes a Dirección da CRTVG e se cree o Consello de Informativos, tal e como dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.”



EUROPEAN
INSTITUTE
OF
PUBLIC
ADMINISTRATION

PLAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - TELÉFONO: 986520902/0943/0951 - FAX: 986524366 - N.º REGISTRO ENTIDADES LOCALES: 01360062 - CIF: P 3600600E



CAMBADOS



CAMBADOS

Foto
2018

A Sra. Alcaldesa abre a quenda de intervencións, producíndose as seguintes:

Intervén D. José Ramón Abal, concelleiro do grupo municipal Cambados Pode, para manifestar que esta moción tamén afecta ao concello de Cambados e que a Televisión de Galicia da cobertura a noticias e sucesos pero con dificultades, explicando que, por experiencia propia, o ano pasado, con motivo da Cidade Europea do Viño, querían invitar á Televisión de Galicia a que cubriera a inauguración do evento e foi unha misión imposible e a director/a de informativos de Galicia denegou a súa solicitude, e engade que só cubriron algún evento a base de insistir e a medida que pasaban as semanas. Tamén manifesta o seu apoio a algúns traballadores de informativos que están protestando e finaliza apoianto a moción.

Intervén D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, concelleiro do grupo municipal BNG, e explica que van a apoiar a moción porque ven necesario que nos medios de comunicación chegue a información a todo o mundo sen que a información sexa segada e manifesta que o que ocorre coa Televisión de Galicia, tamén ocorre en todos os medios de comunicación, culpando ao goberno de controlar os medios de comunicación. Considera que os medios de comunicación públicos son os únicos que poden ofrecer información máis limpia posible, sen manipular, dado que os medios de comunicación privados atenden aos intereses de empresas privadas e libremente están vinculados a determinada ideoloxía. Explica que, ao igual que necesitamos un ensino público e independente, non controlado por un grupo político, e ao igual que a sanidade, no caso dos medios de comunicación é máis sangrante, pois o que se está facendo é que se dea ou chegue unha información en función dos intereses dun partido, e polo tanto estase a manipular aos oíntes dessa información.

Intervén Dª. Fátima Abal Roma, como concelleira do grupo municipal PSOE, expresando o seu apoio á moción.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, manifestando que a Corporación da Televisión de Galicia ten por misión cumplir o servizo público de comunicación audiovisual baixo os parámetros de calidade, pluralismo e independencia; a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia blinda este carácter de servizo público e tamén a autonomía e independencia da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, así, o seu artigo 26.2 di textualmente que “correspónelle ao Director Xeral da Televisión de Galicia establecer os criterios de programación e ampliacións oportunas para que a programación cumpla a misión de servizo público encomendado”, é dicir, que a Radio e Televisión de Galicia goza de autonomía na súa xestión e pesa o seu artigo 25.1 dispón que “a Directora ou Director Xeral exercerá as súas funcións con absoluta independencia, sen que poida adquirir funcións directrices ou calquera clase de indicacións en imperativa de goberno nin da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos ou de outras institucións ou entidades”, por outra parte, o artigo 18.3 dispón que “os membros do seu Consello de Administración no exercicio do seu cargo actúan con plena independencia e neutralidade, sen que poidan recibir instrucións nin ningunha outra clase de indicacións por parte do goberno, da administración, dos partidos políticos ou outras institucións ou entidades”, polo tanto, indica que a eles lles corresponde respectar esa independencia e autonomía de xestión, indicando que tanto a Radio coma a Televisión de Galicia contan cun grande respaldo por parte da audiencia pola súa independencia e pluralidade, así, a Televisión de Galicia, é unha das canles autonómicas máis vista en todo España, indicando que o pasado mes de agosto tivo unha cota de pantalla de 10,8 e os informativos do medio día son líderes de audiencia; por outra parte, indica que a audiencia da radio galega, segundo os últimos datos publicados indica que na segunda onda hai preto de 157.000 radio oíntes, unha das taxas máis altas que se escuchan en Galicia; indica tamén que a actual Corporación, nin foi condenada, nin tan sequera está denunciada por ningunha práctica de manipulación informativa, aínda que houbo algunha protesta dalgún periodista, non foi condenada nin houbo ningunha denuncia por manipular información; sen embargo, indica, que durante o tripartito, as Xuntas Electorais si que condenaron en doce resolucións o anterior equipo directivo de Radio e Televisión de Galicia por ausencia de neutralidade informativa, ou de respecto ao pluralismo informativo; engade que durante a etapa de goberno tripartito o PSOE e o BNG si que pugnaban polo control dos medios públicos de comunicación e o entón Director Xeral, D. Benigno Sánchez,

désignado polo bipartito, denunciou, por carta, ante o Vicepresidente, D. Anxo Quintana, as presións que estaba exercendo sobre a cadea pública o seu entón número dous, D. Antón Losada, e dicía textualmente “*considero que é o meu deber informar e dar conta dunha situación que entorpece ata límites difícilmente soportables o traballo que viña realizando nos servizos informativos dende que a Televisión de Galicia, que afecta aos criterios de profesionalidade, pluralismo, veracidade e independencia que deben residir na actuación dos medios de comunicación públicos*”, e indica que neste escrito atribuíalle a situación á actitude do Sr. Losada que di “*constantemente e con malas formas salpicadas de insultos atribuíndose funcións que non lle competen, pretende decidir determinados contidos informativos dos telexornais, establecer cales van a ser os temas que van a ser tratados e incluso en que orde de prioridade, premendo a diferentes profesionais desta casa*”, segue o Sr. Aragunde Aragunde e manifesta que dende o seu grupo político rexeitan calquera interferencia na Radio e Televisión de Galicia, que deben seguir respondendo con actualidade, ante todo a criterios profesionais, pero indica que se están a facer unhas afirmacións das que non hai constancia. Termina a súa intervención manifestando que dende o seu grupo político non comparten esta moción.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, poñente desta moción, e manifesta que un sistema político, para ser plenamente democrático, ten que ter pluralidade informativa, e expón a súa dúbida de que actualmente sexa así, de igual xeito que os traballadores da Radio e Televisión de Galicia levan dende setembro mobilizándose; relativo ás audiencias, o Sr. Cordal Rodríguez indica que os datos que teñen da SGAE arroxan que a audiencia da TVG ven baixando dende o ano 2008 praticamente á metade da súa audiencia, e en canto ao perfil da audiencia, que praticamente coincide co perfil do votante do PP, a SGAE tamén indica que o perfil maioritario é de persoas maiores de 65 anos, habitante do rural e sen estudos; indica tamén que é unha televisión que ten esquecida a mocidade e onde veñen emitindo os mesmos programas para a infancia que fai trinta anos, explicando que actualmente a TVG non é unha televisión para mozos e mozas, resulta anacrónica e que segue servindo para o que realmente quere o Partido Popular, para ser un aparato de propaganda e para enxalar a figura do seu presidente D. Alberto Núñez Feijoo; explica que hai numerosos casos, como por exemplo cando foi a sentencia do caso Gürtel, en total a TVG adicoulle 40 segundos a esta información; finaliza dicindo que a TVG non se corresponde cunha televisión nun país moderno e avanzado e que si segue por este camiño seguirá baixando a audiencia.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, indicando que o Director Xeral da TVG foi elixido polo Partido Popular, e polo tanto non ten moito sentido decir que non se deixa manipular; manifesta tamén que moitas denuncias non son como tales, adaptables ao código civil ou penal, senón que son cuestión discutibles cheas de matices, coma que os traballadores da TVG se manifesten porque non lles deixan informar o que deberían informar e, polo tanto, está sendo unha televisión manipulada, onde os presentadores e traballadores de TVG están sendo manipulados, unha especie de marionetas en mans de representantes políticos; indica que no momento en que alguén controla a televisión, esa información vai a ser manipulada por ese alguén, e dicir que a TVG está ben é enganarse a un mesmo.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, indicando que en Galicia, pese á crise que se viviu, o Partido Popular foi quen de manter a Televisión de Galicia e é máis, hoxe en día hai 193 traballadores fixos, así como outras canles autonómicas pecharon, como o Canal 9 de Valencia e a Tele 3 de Cataluña tivo moitos problemas e moitos recortes que calquera outra televisión en España; explica tamén, que no caso de Tele 3, todos os días os partidos da oposición están a denunciar en Cataluña a falta de pluralidade que hai nesa canle, mentres que aquí vemos nos telexornais tanto ao Sr. Feijoo, coma o Sr. Caballero e a absolutamente a todos; indica tamén que había unha débeda de 32 millóns de euros, que a día de hoxe está saldada; finaliza a súa intervención aducindo que a imaxe catastrofista da TVG non é a realidade.

Non habendo máis intervencións, procédese coa **votación** da moción, arroxoando o seguinte resultado.

Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 6 (Partido Popular)

Abstencións: 0



O Pleno da Corporación **aproba**, por maioría dos membros presentes na sesión plenaria, o acordo da **moción de Somos Cambados en defensa da calidade e independencia dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**.

Expediente 4010/2018. Requerimento Preliminar entre Administracións Públicas.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE EN RELACIÓN COA SUPRESIÓN DE INFORMACIÓN LOCAL E CULTURAL NA RADIO GALEGA

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á SUPRESIÓN DE INFORMACIÓN LOCAL E CULTURAL NA RADIO GALEGA en base á seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:

“Desde o ano 1978 o artigo 20 da Constitución Española xa recoñece como fundamental o dereito dos cidadáns “a recibiren libremente información veraz por calquera medio de difusión”, así como “o acceso dos grupos sociais e políticos significativos” aos diferentes medios de comunicación dependentes das administracións públicas, “respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España”.

Pola súa banda, partindo do disposto no artigo 34.3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, que establece que “a Comunidade Autónoma pode regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa”, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, indica no seu artigo 4 que son, entre outros, principios da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (CRTVG) “a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia”, “o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia” ou “a garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio”.

A maiores, o artigo 8 sinala que “a Corporación RTVG deberá contar coa estrutura suficiente e necesaria para asegurar o cumprimento da misión de servizo público encomendada e para facilitar a provisión de contidos territoriais na súa programación” e un bo número de apartados da mesma lei sublinian o papel estratégico que a Radio e Televisión de Galicia teñen na defensa e promoción da cultura do país.

Desde que no ano 1985 a Radio Galega e máis a Televisión de Galicia comezasen as súas emisións, é obvio que cumpriron unha misión moi importante na cobertura informativa de Galicia, así como na promoción da lingua e da cultura propias, grazas fundamentalmente á profesionalidade dos seus traballadores/as, entre os que que se atopan algúns dos profesionais máis recoñecidos, tanto no eido xornalístico como técnico. Agora ben, tamén foron obvios desde o inicio dos gobernos de Manuel Fraga, os intentos do Partido Popular por manipular, disfrazar de información a pura propaganda política e reducir o acceso aos medios públicos de Galicia de colectivos non afins ideoloxicamente.

Trala modernización e apertura cara ao pluralismo, a profesionalidade e a independencia informativa vividas durante os anos nos que o PSdeG, co Presidente Emilio Pérez Touriño, estivo á fronte da Xunta de Galicia, a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia do Goberno Galego

supuxo o inicio do período máis escuro para a nosa radio e televisión públicas. Incrementou ata a máxima expresión, como teñen denunciado en múltiples ocasións os traballadores e as traballadoras, a manipulación e o sectarismo dos Gobernos de Fraga, varrendo xa das ondas dos medios públicos calquera nota ideolóxica discordante e, fronte ao feito polos anteriores gobiernos dun e doutro signo, iniciando un paulatino, pero constante proceso de desmantelamento da Radio Galega e a Televisión de Galicia.

Ademais da renuncia case absoluta á produción propia, o que na práctica significa unha privatización encubierta dos medios públicos, e dos constantes e irracionais recortes orzamentarios, que teñen minorado notablemente a calidade da súa programación e, polo tanto, tamén a audiencia, o Goberno de Feijóo atacou desde un primeiro momento ao más básico da RTVG, a información local e cultural, dúas das súas principais razóns de ser, recoñecidas incluso legalmente e, por riba, dúas da súas principais vantaxes comparativas cos medios privados, ofrecendo un servizo público que outros medios, por rendibilidade, non poden ofrecer.

O primeiro ataque de Feijóo foi dirixido en 2010 contra a Televisión de Galicia, cando decidiu pechar a metade das delegacións territoriais da canle (Pontevedra, Ferrol, Burela, Porto e Bruxelas) e deixar de emitir os informativos locais, que, xunto cos Telexornais de ámbito autonómico, daban sentido á razón de ser da televisión pública.

Nos últimos 8 anos tan só sobreviviu a información local propriamente dita na Radio Galega, obxecto precisamente do novo ataque do Partido Popular, pois, como teñen denunciado os propios traballadores/as e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, camuflado nun cambio de programación, a dirección da CRTVG decidiu suprimir as desconexións locais da Radio e, de paso, eliminar como espazo propio o programa que desde hai case 30 anos era referente da cultura do país, o Diario Cultural.

Unha decisión que só se pode entender desde unha dobre intención partidista do Partido Popular, desmantelar progresivamente os medios públicos de Galicia e, a un ano das próximas eleccións municipais, controlar ao máximo a información emitida e reducir os micrófonos e espazos aos que podan chegar voces contrarias ao Goberno de Núñez Feijóo. So así se pode entender unha decisión deste tipo, máis cando todos os estudos sobre o futuro do xornalismo apuntan a un reforzamento da información local, incluso como estratexia de negocio rendible, pola que están a apostar xa os medios privados máis potentes, con proxectos enriba da mesa sobre a chamada información hiperlocal.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, en solidariedade cos traballadores e traballadoras da CRTVG e desde o compromiso inquebrantable do Partido Socialista cuns medios públicos galegos de calidade, independentes e entendidos como servizo público, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Cambados acorda:

1. Esixir da Xunta de Galicia e da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. o mantemento das desconexións locais nos informativos da Radio Galega, como fórmula imprescindible para proporcionar un axeitado servizo público e plural no que á cobertura informativa do país se refire.
2. Garantir o mantemento dos postos de traballo nas redaccións e delegacións da Radio e Televisión de Galicia actualmente existentes.
3. Censurar a redución da programación cultural específica na Radio Galega e, nomeadamente, a supresión como espazo propio do Diario Cultural, esixindo o seu mantemento en antena, como mínimo, co mesmo formato que tiña ata agora.”

Intervén D. Miguel Pérez Osorio, concelleiro do grupo municipal PSOE, para manifestar o seguinte: “Penso que todos os que estamos aquí, estaremos de acordo en que a separación de poderes é un dos piares básicos máis importantes para o funcionamiento dunha democracia, e esta separación de poderes non debe só referirse ao poder executivo, ou lexislativo e xudicial, xa que existen outros tipos de poder e incluso chegan a influír en estes, para que nos fagamos unha idea, xa no século

XVIII, o político inglés Edmond Burnt, nun discurso parlamentario, tras citar os mencionados poderes do Estado, sinalou cara a tribuna onde se atopaban os periodistas dicíndolles que eles eran o cuarto poder. Si isto sucedía no século XVIII, é evidente que no século XXI, na era da información, o poder dos medios de comunicación públicos multiplicouse de xeito exponencial, de feito é un dereito constitucional recibir información veraz por calquera medio de difusión. Na actualidade existen infinidade de medios que repliquen a diversidade e pluralidade de ideas á sociedade.

O panorama informativo é un dos ámbitos onde se fai máis propago e importancia que Internet ten nas nosas vidas, pero esta liberdade de información ten tamén o seu lado escuro, xa que os medios non profesionais carecen do control e rigor que se lles presume aos medios, digamos, tradicionais, onde os xornalistas deben seguir unha serie de pautas á hora de tratar información a transmitir.

Co acceso indiscriminado á información, xunto coa falta da debida análise desta por parte dun público que non sempre contrasta nin cuestiona o que recibe, por causas nas que non vou entrar porque daría para outro debate más profundo, isto da lugar ao fenómeno da posverdade, e os perigos que implica, xa que unha masa social que non cuestiona, non debate e lle da credibilidade a calquera bulo ou falsidade, forma unha masa completamente manipulable e sen criterio propio. É indispensable neste contexto que se estableza na cidadanía un pensamento crítico, para que cada cidadán se forme a súa propia opinión, comparando e razoando sempre con criterio, e son indispensables os medios de comunicación profesionais, libres e independentes que garanten a pluralidade, veracidade e obxectividade da información, con rigor e sen manipulación. E para lograr ese obxectivo ten que haber unha coexistencia entre medios públicos e privados, sendo ambos imprescindibles.

A pluralidade dos medios privados é o reflexo dunha sociedade civil forte, non dependente do poder político e, por tanto, capaz de vixiar a este, o cal é unha obriga democrática. Pero non esquezamos que estes medios, como empresas que son, guíanse polos criterios de rendibilidade económica, como é lóxico e normal, e que existen contidos, que aínda que o seu público sexa máis minoritario en comparación, son imprescindibles como servizo público: programas de divulgación, de cultura, de ciencia, de historia, que aporten coñecemento e que aporten máis á sociedade que o simple rendemento económico, significan a razón de ser dos medios de comunicación públicos, aportar un valor engadido, xa que se ben, o factor económico é importante, a cultura é o que nos fai persoas e fai que avancen as sociedades. Estes medios públicos non deben ser, en ningún caso, como por desgraza nos chegamos a acostumar, meros escaparates do poder político, porque iso é algo que vai contra a súa razón de ser.

Os medios deben de estar ao servizo da sociedade e non dos mandatarios de quenda, de aí a separación de poderes que mencionei ao principio desta intervención.

Para o PSdeG-PSOE o modelo de Radio e Televisión pública de Galicia debe sustentarse en catro piares:

- Fortalecer o peso social do servizo público da CRTVG.
- Potenciar a conciencia de rendibilidade social da súa actividade. Criterio que marcará sempre as súas funcións e contidos estará por riba da rendibilidade económica directa.
- Suxetar á CRTVG ao control democrático do parlamento, pero dirixilo de xeito autónomo e independente do poder goberamental, para garantir unha Radio e Televisión galega libre.
- Soster financeiramente un novo modelo de Radio e Televisión pública.

Por iso entendemos que a recente supresión das desconexións locais da radio galega, oito anos despois de realizar o mesmo desmantelamento na televisión, e a eliminación do diario cultural, reducindo así a programación cultural específica, son medidas que van en contra da razón de ser da radio pública, unha razón de ser que mesmo está recollida na lei.

É por isto que sometemos á consideración do Pleno esta moción, na que se ACORDA:

1. Esixir da Xunta de Galicia e da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. o mantemento das desconexións locais nos informativos da Radio Galega, como fórmula imprescindible para proporcionar un axeitado servizo público e plural no que á cobertura informativa do país se refire.

2. Garantir o mantemento dos postos de traballo nas redaccións e delegacións da Radio e Televisión de Galicia actualmente existentes.

3. Censurar a redución da programación cultural específica na Radio Galega e, nomeadamente, a supresión como espazo propio do Diario Cultural, esixindo o seu mantemento en antena, como mínimo, co mesmo formato que tiña ata agora.”

A Sra. Alcaldesa abre o debate da moción producíndose as seguintes intervencións:

Intervén D. José Ramón Abal Varela para manifestar que o seu grupo municipal votará a favor.

Intervén D. Constantino Cordal Rodríguez para manifestar que o seu grupo municipal votará a favor.

Intervén D. Víctor Manuel Caamaño Rivas para manifestar que o seu grupo municipal tamén votará a favor.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde para dicir que o novo modelo de información de posibilidade da Radio galega foi adoptado por unha dirección de xornalistas profesionais e independentes, que busca dar un maior lugar á información local precisamente; explica que se suprimiron as desconexións diarias de dez e quince minutos, das sete e cincuenta e as trece e corenta e cinco horas, efectivamente, en total vinte e cinco minutos, porque agora a información local está de forma transversal presente todo o día na radio, reservando para ela, seccións perfectamente diferenciadas, nos informativos e grandes matinais así, de catorce e trinta a catorce e corenta e cinco, dentro da crónica das dúas, de vinte e trinta a vinte e cincuenta, tamén haberá información local dentro da propia crónica, e Galicia por Diante tamén terá quince minutos de información total cada día, en total, cincuenta minutos diarios reservados para a información local, cando ante era só vinte e cinco; ademais explica que a Radio galega empezou a programar debates semanais de ámbito local nas delegacións, dos que participan as forzas políticas con representación das Corporacións das sete grandes cidades e nas Deputacións provinciais, así como debates especializados en temas sociais e económicos; polo tanto, segue a dicir, non se eliminaron as desconexións, senón que só cambiou o seu formato, ampliouse o tempo adicado á información local e, co novo modelo esténdese a súa cobertura informativa ao conxunto do territorio galego, non só ás sete cidades e as súas áreas de influencia; comenta que tampouco é certo que se eliminou o Diario Cultural, xa que para a dirección da Radio galega, era insuficiente o programa diario de cincuenta minutos nunha franxa horaria con escasa audiencia, por iso, o Diario Cultural, configúrase como unha das principais apostas da nova temporada da Radio galega, variando o seu formato, e duplicando o tempo adicado á información cultural de luns a venres e creando espazos coa mesma finalidade na fin de semana, baixo a marca de Diario Cultural, vaise emitir diariamente, de luns a venres, catro edicións ou espazos integrados na programación, deste xeito, a información cultural terá unha duración total de cen minutos, fronte aos cincuenta minutos anteriores; así mesmo, segue, en canto á fin de semana, o sábado e o domingo, ofreceranse en directo tres edicións, cunha duración total de cen minutos e tamén se vai a reforzar no plano dixital, coa creación dunha ventá específica do Diario Cultural na web da Radio galega; polo tanto, explica, ven que a realidade é outra e nada que ver coa moción que o PSdeG-PSOE presenta, dado que se vai duplicar o tempo adicado á información local e tamén se vai a duplicar os minutos adicados ao Diario Cultural e polo tanto o seu grupo municipal vai a votar en contra desta moción.

Intervén D. Miguel Pérez Osorio, poñente desta moción, para replicar o dito polo Sr. Aragunde Aragunde, argumentando que non ten sentido o expresado pola oposición que lle da máis valor á información local, aínda que sexa a costa de suprimir delegacións e desconexións; en canto ao Diario Cultural, pasou de ser un espazo propio a ser unha nota a pé de páxina no diario informativo.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde para responderlle que el dá datos que se poden comprobar, e esta programación que se está a desenrolar en estos momentos e xa está previsto que se duplique de vinte e cinco minutos diarios a cincuenta minutos diarios de información local e o Diario Cultural de cincuenta minutos diarios a cen minutos diarios; se ben é certo que se vai a facer con outro formato, pero estes datos son moi fáceles de comprobar, e dentro dun par de meses verase.

Manifesta D. Miguel Pérez Osorio que resulta difícil adicar máis tempo á información local e ao Diario Cultural si se suprinen delegacións.

Non habendo máis intervencións, procédese coa **votación** da moción, arroxando o seguinte resultado.

Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 6 (Partido Popular)

Abstencións: 0

O Pleno da Corporación **aproba**, por maioría dos membros presentes na sesión plenaria, o acordo da **moción de PSdeG-PSOE** en relación á supresión de información local e cultural na radio galega.

Expediente 4080/2018. MOCIÓN DO P.P. - SOBRE A CREACIÓN DA ÁREA DE TRANSPORTE DE VILAGARCÍA

D. Luís Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambados, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN para o seu debate e aprobación:

"O 20 de abril de 2017 celebrouse Xunta da Mancomunidade do Salnés, entre outros asuntos da orde do día, tratouse o punto número 5º "PROPOSTA PARA O ESTABELECIMENTO DE TRANSPORTE PÚBLICO INTERURBANO NA COMARCA DO SALNÉS". Nesta proposta, aprobada favorablemente por todos os membros presentes nesa Xunta da Mancomunidade, adoptáronse os seguintes acordos:

1. Expor á Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, alegacións en canto ao Plan de Transporte Público de Galicia regulado pola lei 10/2016, no senso de considerar a implantación de un sistema de transporte público interurbano, cun tratamento específico e unitario, que enlace os Concellos da Comarca do Salnés para facilitar o acceso dos veciños aos distintos centros educativos, asistencias sanitarias, institucionais, etc. da Comarca.
2. Instar á Xunta de Galicia á realización dos cambios normativos correspondentes que permitan á Mancomunidade, o establecemento dun transporte público interurbano na comarca do Salnés, con competencias en materia de transporte no ámbito comarcal, ao igual que as exercidas polas áreas metropolitanas.
3. Autorizar ao presidente en funcións, D. Gonzalo Durán Hermida, a levar a cabo os trámites pertinentes en execución destes acordos.

Pois ben, despois de aprobar por unanimidade esta proposta a Xunta da Mancomunidade, incluídos os representantes do Concello de Vilagarcía, nos informan polos medios de comunicación e outras canles que o goberno de Vilagarcía está a realizar xestións para a creación da **área de transporte de Vilagarcía**.

Non entendemos nin compartimos este cambio de criterio por parte dos representantes de Vilagarcía, pero somos moitos os concelleiros do Salnés que estamos en contra da creación dunha nova entidade nesta comarca. O dinamismo e correcto funcionamento na xestión que se está a realizar dende a Mancomunidade do Salnés nos servizos que desenvolven nesta comarca, acredita que a entidade que formamos todos os concellos do Salnés nos servizos que desenvolven nesta comarca, acredita que a entidade que formamos todos os concellos do Salnés ten capacidade e solvencia para crear unha comisión de transporte dentro da propia Mancomunidade que regule e coordine o transporte comarcal. Non ten sentido a día de hoxe duplicar entidades nunha comarca, precisamente nun país que ainda está saíndo dunha crise económica, en parte provocada pola existencia de exceso de administracións, como se ten criticado.

Están a unificarse concellos nestes anos e existe un debate real en canto á idoneidade de suprimir entidades públicas e administracións, tamén por iso, non é coherente crear unha entidade que quere desenvolver unhas funcións que xa se están levando a cabo dende a Mancomunidade do Salnés. Entendemos que esta manobra do goberno de Vilagarcía só obedece a motivos políticos, debido á perda de peso e importancia deste Concello de Vilagarcía na Comarca do Salnés, ademais dunha posible intencionalidade de crear nun futuro unha área metropolitana de Vilagarcía, iniciativa da

que Cambados debe postularse en contra.

A área de transporte fracasou en Vigo e nesa comarca existe unha maior vinculación entre os concellos limítrofes coa cidade de Vigo, da que existe no Salnés con Vilagarcía. A Mancomunidade creouse en Cambados fai 25 anos, fixando a sede no noso municipio dende a súa fundación, este feito confirelle a Cambados unha connotación de cabeceira de comarca que nos interesa manter e defender, acadando máis importancia o noso municipio dentro do panorama galego. De tal xeito os cambadeses e cambadesas debemos defender as competencias que se lle poidan atribuír á Mancomunidade, acadando máis protagonismo para a entidade e consecuentemente para Cambados, defendendo os intereses deste municipio.

Por todo o exposto, instamos ao Pleno da Corporación Municipal de Cambados a:

1. Instar ao Pleno Municipal a que vote en contra da creación da área de transporte de Vilagarcía neste plenario e no pleno da Mancomunidade do Salnés.
2. Instar á Alcaldesa de Cambados para que comunique oficialmente á Mancomunidade do Salnés que o Concello de Cambados apoia ao Presidente desta entidade comarcal para realizar cantas xestións sexan necesarias para a coordinación e mellora do transporte no Salnés.
3. Instar á Xunta de Galicia á realización dos cambios normativos correspondentes que permitan á Mancomunidade o establecemento dun transporte público interurbano na comarca do Salnés, con competencias en materia de transporte no ámbito comarcal, ao igual que as exercidas polas áreas metropolitanas.
4. Dar traslado deste acordo plenario á Mancomunidade do Salnés, á Xunta de Galicia e ao Concello de Vilagarcía.”

A Sra. Alcaldesa pide á Corporación Municipal intervir en primeiro lugar, para responder ao Sr. Aragunde Aragunde, debido a certas alusión que fai este na moción.

D. Fátima Abal Roma explica que, en canto ao dito polo Sr. Aragunde Aragunde, e cita textualmente o seguinte fragmento da moción: “(...) nos informan polos medios de comunicación e outras canles que o governo de Vilagarcía está a realizar xestións para a creación da área de transporte de Vilagarcía (...)”, comenta que falou directamente co governo de Vilagarcía e cos responsables da Mancomunidade do Salnés e lles transmitiu que é absolutamente falso, engadindo que o Sr. Aragunde Aragunde fala dunha suposta proposta no mes de abril do ano 2017, e atopándonos no mes de novembro do ano 2018, despois de ano e medio, non se levou a cabo nada do explicado por este; segue a comentar a Sra. Abal Roma, que en canto a “(...) acredita que a entidade que formamos todos os concellos do Salnés nos servizos que desenvolven nesta comarca, acredita que a entidade que formamos todos os concellos do Salnés ten capacidade e solvencia para crear unha comisión de transporte dentro da propia Mancomunidade que regule e coordine o transporte comarcal (...)”, comenta que a Mancomunidade do Salnés non ten competencia, senón que a competencia en canto ao transporte público teno a Xunta de Galicia, porque a Mancomunidade do Salnés é unha agrupación voluntaria de municipios que non ten competencia para regular en materia de transporte; explica tamén que o propio Presidente en funcións da Mancomunidade do Salnés reuniese con responsables do departamento de mobilidade da Xunta de Galicia, na que os concellos non estiveron invitados, e na que a propia Xunta de Galicia lle indica que a Mancomunidade do Salnés, a pesar deste acordo aprobado o 20 de abril do ano 2016, non ten competencias para regular este tipo de situacions; por outro lado, en canto ao manifestado na moción, que cita textualmente: “(...) Entendemos que esta manobra do governo de Vilagarcía só obedece a motivos políticos (...)”, a Sra. Abal Roma expón que despois de ano e medio, non veu ningunha manobra nin documentación deste proxecto; segue, citando outro fragmento: “(...) Entendemos que esta manobra do governo de Vilagarcía só obedece a motivos políticos (...)”, e explica que segundo ten entendido, as áreas metropolitanas, por quen están sendo promovidas en todas as partes é, precisamente, pola Xunta de Galicia, que fala das vantaxes que hai coa creación de áreas metropolitanas de cara á gratuidade para estudiantes, para persoas desempregadas, para xubilados, sen embargo, o Partido Popular do Concello de Cambados veo como algo malo, e por outro lado a Mancomunidade do Salnés non ten competencia neste tema; segue



DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - TELÉFONO: 986520990/9843/9951 - FAX: 986524866 - N.º REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P3600600E



expondo que a Cambados si lle interesa seguir sendo cabeceira da Comarca do Salnés, pero en temas de transporte público non o pode ser porque Cambados non ten conexións que nos permita unir, a día de hoxe, nin coordinarnos nin con ADIF nin con AENA, porque nin temos estación de tren nin aeroporto, polo que a coordinación do transporte da mobilidade é imposible e non poderemos ser nunca cabeceira de Comarca respecto ao transporte; por outra banda, en canto a “(...) *Instar ao Pleno Municipal a que vote en contra da creación da área de transporte de Vilagarcía neste plenario e no pleno da Mancomunidade do Salnés (...)*”, explica que non habendo ningunha proposta de creación da área de transporte de Vilagarcía non hai nada que votar en contra; en canto ao exposto na moción, que cita: “(...) *Instar á Alcaldesa de Cambados para que comunique oficialmente á Mancomunidade do Salnés que o Concello de Cambados apoia ao Presidente desta entidade comarcal para realizar cantas xestións sexan necesarias para a coordinación e mellora do transporte no Salnés (...)*”, a Sra. Alcaldesa indica que as comunicacións do Concello fanse polo Rexistro do propio Concello de Cambados en representación da Alcaldesa, non as fai a propia Alcaldesa no seu nome; e por último, en canto a “(...) *Instar á Xunta de Galicia á realización dos cambios normativos correspondentes que permitan á Mancomunidade o establecemento dun transporte público interurbano na comarca do Salnés, con competencias en materia de transporte no ámbito comarcal, ao igual que as exercidas polas áreas metropolitanas (...)*”, indica que si o Presidente en funcións da Mancomunidade do Salnés xa se reuniu cos responsables de transporte da Xunta de Galicia, e xa lles comunicou que era imposible que a Mancomunidade se fixera cargo respecto aos temas de mobilidade, non entendo porque agora o Concello de Cambados vai a instar á Xunta de Galicia; engade tamén que as votacións nun Pleno no Concello de Cambados non son vinculantes cos Plenos da Mancomunidade do Salnés; comenta a Sra. Alcaldesa, que si é certo que é necesario crear un proxecto de mobilidade no Concello, sobre todo co Hospital do Salnés, e si que se podería coordinar pola Mancomunidade do Salnés este servizo; indica a Sra. Abal Roma, que como representante do PSdeG-PSOE, vanse abster desta votación porque non lle ven sentido a esta moción.

Intervén D. José Ramón Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, expondo que hai unha serie de imprecisións na moción, pero está de acordo con instar á Mancomunidade do Salnés a que mellore o funcionamento do transporte público, porque é verdade que non está a funcionar ben, pois as compañías non cumplen os horarios frecuentemente; por outra banda, indica que lle chama a atención que fora criticado por parte do Partido Popular por mancomunar unha pala e unha minipala para a limpeza, e agora o mesmo Partido Popular defende a mancomunidade en materia de transporte; indica que o importante é ter un servizo de transporte comarcal, sen importar si a moción non está de todo ben exposta ou si hai un conflito de intereses; tamén que o Concello de Cambados ten un transporte público que non é eficiente e non é de calidade; considera que a Mancomunidade do Salnés está a facer un traballo razoablemente ben e sobre todo está sendo neutral; indica que votará a favor da moción.

Intervén D. Constantino Cordal Rodríguez, están de acordo que a situación do transporte na Comarca de O Salnés é francamente negativa. Que non entende como os Concellos do Salnés, exceptuando o caso do Concello de Sanxenxo, quedaron fora do plan do transporte metropolitano de Galicia. Este plan persegue a promoción do uso do transporte público con medidas como descontos para usuarios diarios, bonos, como as tarxetas que permitirían aos menores de 19 anos viaxar gratis. O seu grupo non poden apoiar unha proposta unilateral do Concello de Vilagarcía e que existe unha proposta de Somos con Esquerda Unida de facer unha proposta de transporte comarcal. Entenden que o que hai que facer é incluír aos Concellos da Comarca do Salnés no plan de transporte metropolitano de Galicia e poñerse a traballar para facer unha proposta de liñas e horarios para o transporte público para tódolos Concellos da Comarca e tamén con outros municipios que lles poida interesar, como o caso de Pontevedra, Vigo ou Santiago. En fin que hai unha serie de cuestións concretas como as conexións cos hospitais, como o de O Salnés e tamén co de Montecelo, as conexións cos polígonos industriais, a mellora da comunicacións coas zonas rurais, o aumento das frecuencias con Cambados porque hai oficinas administrativas como o INEM, o ISM, que se volva a implantar o servizo noite-bus, que o seu grupo valora moi positivamente e finalmente tamén a mellora das comunicacións cos Campus universitarios. En definitiva que si se chegase a crear ou propor unha área

metropolitana en Vilagarcía estarían totalmente en contra e que están aguardando a que se faga unha proposta pola Mancomunidad porque non queren un plan que favoreza a Vilagarcía ou que favoreza a Sanxenxo. Remata dicindo que no van a votar en contra, pero que se van abster.

Toma a palabra o Concelleiro do B.N.G., **Sr. Caamaño Rivas**, para decir que se van abster, porque non ten moito sentido o trata-la aquí e, en todo caso, debería ser tratada polo Concello de Vilagarcía. Comenta que é unha moción simulada e en algúns aspectos bastante trasnoitada porque cada vila ten as súas características e buscar a preponderancia sobre outras vilas lle recorda cousas doutra época. Di que o transporte público non existe en Cambados e está na mesma liña gran parte de O Salnés. Dende ese punto de vista lles gustaría buscar algún tipo de solución que puidera mellora-lo transporte e que é certo que, en Vilagarcía, Cambados ten cousas que lle interesa moito como é o caso do tren hospital. Que é votou a favor da proposta que se formulou para o transporte interurbano no Salnés. Coida que o transporte público de Galicia, tendo en conta outras Comunidades, é moi malo porque está en mans de macro compañías que o único que buscan é beneficios, olvidándose dos usuarios e que o Partido Popular, que é o que está gobernando e continúa a manter ese modelo. Coida que esta Moción si se considera tan importante non se presentou noutros Concellos de O Salnés. Di que esa proposta non se levará a cabo porque hai intereses económicos moi importantes e si saira adiante estaría encantado. Pensa que é interesante o punto nº 3 da Moción que di "... Instar á Xunta de Galicia á realización dos cambios normativos correspondentes que permitan á Mancomunidade o establecemento dun transporte público..." e que realmente houbo unha reunión coa Consellería sobre isto e ata o de agora non hai novidade. Di que hai un modelo de transporte establecido polo Partido Popular e espera que o cambien; que a proposta que se aprobou por unanimidade na Mancomunidade a Xunta non a quere i esa é a realidade. Remata a intervención dicindo novamente que se van abster.

Polo **Sr. Aragunde Aragunde**, maniféstase que ratifican ata última palabra desta Moción, que queren que a Alcaldesa de Cambados se pronuncie, porque dixo que non queren localismos y que basicamente que si se creaba esa área metropolitana en Vilagarcía era un tema menor, eles entenden que é un tema maior. Segue a decir que é o/a único/ Alcalde/sa da Mancomunidade que non está representada na entidade xestora, que isto é a primeira vez que pasa, coidando que é unha deixadez ou transferencia de funcións, que tiña que desempeñar ela mesma, pero que en todo caso é a súa decisión e que en ningún órgano colexiado a Alcaldesa non manifestou o que ela pensaba sobre este tema. Di que é un tema maior e que non está de acordo co Concelleiro do B.N.G. que isto non tiña que vir a Cambados e que para os Cambadeses é mais importante o transporte que o Pazo de Meirás, cre que este área de transporte de Vilagarcía é un xerme de área metropolitana. Que non falan por falar, nin presentan a moción por presenta. Que a voceira do Partido Socialista Vilagarcía e membro do equipo de governo dixo publicamente que estaban facendo xestións e acadando reunións para a crear a área de transporte en Vilagarcía e que Cambados debería estar en contra dessa área. Cambados non ten as instalacións para facer un obradoiro de hostalería como Sanxenxo ou O Grove, podemos telo, pero en calquera momento se se o proponen pódese ter, pero neste momento non as ten, pero dende a Mancomunidade do Salnés coordinase o obradoiro que se está a desenrolar en Sanxenxo. Dille a Alcaldesa que non é necesario ter tren para que a Mancomunidade de O Salnés coordine un obradoiro. Contéstalle a Alcaldesa que ela non dixo eso, que o que dixo e que non temos comunicacions. Cre que Cambados debe posicionarse en contra sobre este asunto e que é un tema para debate importantísimo para o Pleno. Que as presións influirán no que faga Vilagarcía, que sin a complicidade ou colaboración dos diferentes Concellos se van posicionando esa área de transportes no vai arriba e se faga metropolitana, e así xa vai quedando claro o que non pode pasar ou suceder. Que queren que a Alcaldesa se manifieste sobre este tema porque é moi importante para Cambados e que non é unha cuestión de localismos. Reconoce que a Mancomunidade do Salnés non ten competencias nese campo e por iso se recolle no punto dous a necesidade de instar á Xunta de Galicia para que faga os cambios normativos e que cando se crearon as áreas metropolitanas houbo que cambia-la Lei de Transportes, porque si non se facía ese cambio non poderían crearse, e ao final quedou en nada, como no caso de Vigo, que non lle atañe, pero si o de Vilagarcía, por iso solicitan un cambio de competencias para que a Mancomunidade poida coordinar este tema. Di que votou a favor da proposta que se presentou na Mancomunidade pola situación da mobilidade dos veciños e veciñas

nas comunicáns. Coida que o Plenario de Cambados está en contra da Moción e se Concellos limítrofes se manifestan neste senso non poderá ira adiante a área de transportes de Vilagarcía.

Toma a palabra a **Sra. Alcaldesa** para facer dousas puntualizacións moi breves e que estanse a confundir dousas cousas; unha é a coordinación por parte da Mancomunidade que sería un servizo de transporte de mobilidade no que é comarca, co que está totalmente de acordo e non existe dúbida en canto a mobilidade no propio Salnés e, outra que na moción non reflexa que a Mancomunidade sexa a que coordine ese transporte ou esa facilidade para a cidadanía no transporte e para o que a Mancomunidade non ten competencias e o que se decida no Pleno non é vinculante para o da Mancomunidade.

Non habendo máis intervencións, procédese coa **votación** da moción, arroxando o seguinte resultado.

Votos a favor: 7 (Partido Popular e Cambados Pode)

Votos en contra: 0

Abstencións: 8 (PSOE, BNG e Somos Cambados)

O Pleno da Corporación **aproba**, por maioría dos membros presentes na sesión plenaria, o acordo da **moción do P.P. sobre a creación da área de transporte de Vilagarcía**.

Expediente 4102/2018.- MOCIÓN DO BNG - EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAR A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS

Transcríbese seguidamente o texto da Moción que se somete a aprobación do Pleno e que di: "...
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.= O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en desprégar dousas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.= Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.= Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar más decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.= Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.= No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiú Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até

os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.= Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia das propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 ainda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.= Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que difícilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.= Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxya do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.= Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.= Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.= Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predican-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao díntido dos intereses do réxime.= Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Cambados acorda:


- Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
- Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interpuesta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
- Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxya do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.
- Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.
- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña..."



EUROPEAN
WEEK
2017

CAMBADOS (SPAIN)

PLAZA DO CONCELLO, 1 - 366 30 - CAMBADOS - TEL. 986520902/094 3/0951.- FAX: 986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 360060E



Polo Portavoz do B.N.G., Sr. **Caamaño Rivas**, di que lle parece que ao Partido Popular lle molestan as mocións sobre Meirás e van a xustificar o porqué a traen a este Pleno, que xunto co/as compañeiros/as representantes políticos do B.N.G., están aquí por cuestión ideolóxicas e o seu obxectivo non é ser xestores e que están peleando por un modelo de sociedade e que este sexa xusto. Volve a reiterar que, cada vez que se toca este tema o P.P. non quere tratarlo e que, estes feitos áinda que son do pasado, non se poden esquecer.

Segue da dicir que a posesión do Pazo de Meirás pola familia Franco foi un espolio e os herdeiros do ditador non se poden beneficiar diso. Son propiedades públicas e do pobo (Pazo Meirás, Casa Cornide, figuras do Pórtico da Gloria), polo tanto a súa posesión é totalmente irregular. Coida que, do mesmo xeito tódalas persoas que están enterradas nas cunetas, as familias teñen o dereito a poder recollellas e enterralas. Estás accións constitúen un paso moi importante para superar un longo período ditatorial. Cre que todos deberíamos rexeitar calquera vinculación ou apoio a ese ditador e que das inxustizas hai que falar delas e non esquecelas.

Di que o patrimonio percibido polos herdeiros de Franco é tremendo. Tamén é moi grave, irregular e inaceptable que ademais exista unha fundación que segue a exalta-la figura do ditador e que se lle deixe xestionalo patrimonio español, feito este que hai que solucionar cambiando as leis, se é necesario.

A Moción que traen é para manifestar que unha serie de persoas, parte delas nacionalistas, entraron no Pazo de Meirás, en horario de apertura ao público, e colgaron unhas pancartas reclamando a devolución do Pazo ao pobo, saíndo pacificamente, sendo denunciadas pola Fundación Franco pedíndolle unhas penas económicas e de cárcere esaxeradas e que están fora de lugar. Esta visualización dos feitos fixo que chegase á sociedade, a Europa e obligou a que o P.P. se posicionase pola recuperación do Pazo de Meirás, para que non seguira en mans dos Franco, pero que o posicionamento xudicial lle parece totalmente esaxerado, por reclamar algo que é unha irregularidade social, histórica e unha inxustiza.

Remata dicindo que, é desmesurado que as penas que se piden, sumadas entre todas, poden chegar a 123 anos e cunha sanción económica de preto de medio millón de euros. Aínda que o Pazo de Meirás non está en Cambados, vivimos nese estado e si estamos vinculados pola historia. Non se pode dicir a partir de aquí minuto cero, cando é unha situación irregular e consecuencia do espolio dos que gañaron a guerra.

En definitiva, preténdese defender ás persoas; que é un feito simbólico do modelo da sociedade na que vivimos actualmente e que, ao tomar posición a xente, pode influír no resultado dese xuízo.

O Concelleiro de Cambados Pode, Sr. **Abal Varela**, toma a palabra para dicir que xa votaron a favor da devolución do Pazo de Meirás fai uns meses. Que é un tema xudicializado e que non ten máis información. Que descoñece si hai xente en Cambados á que lle importe este tema que se está a tratar no Pleno e coida que non é momento adecuado ao estar nos Xulgados, que si houbese unha sentenza sería más apropiado o seu tratamento.

Intervén o Concelleiro de Somos Cambados, Sr. **Charlín Trigo**, para dicir que estamos a falar, corenta e dous anos despois da morte do ditador e corenta anos despois da aprobación da Constitución, do patrimonio da familia Franco en Galiza, do pazo de Meirás, da Casa Cornide, das esculturas do Pórtico da Gloria, que foron bens adquiridos por medios ilícitos ou de dubidosa legalidade. Está demostrado que foron resultado do roubo, dun gran latrocínio, dunha grande operación de rapiña. Foi un botín de guerra, nun contexto de guerra, nun contexto de coacción, nun contexto de terror, de medo, de chantaxe, nos anos 36, 37, 38 e 39; coa colaboración das elites, que foron tamén beneficiarias polo réxime.

Foi un botín de guerra pero en realidade foi moito máis ca iso, foi resultado dunha operación de corrupción a grande escala coa utilización continuada, non só neses primeiros anos senón durante toda a ditadura, durante décadas, da Administración do Estado para beneficiar o ditador e a súa familia.

Foi posíbel por esa complicidade das estruturas do Estado, durante a ditadura pero tamén despois da ditadura, durante a Transición e durante a monarquía constitucional. E temos que asistir a realidades,



que áinda perviven, tan difíciles de explicar no mundo civilizado como o feito de que a familia Franco siga disfrutando, por exemplo, de títulos nobiliarios como o Ducado de Franco ou o Señorío de Meirás. Son auténticas indignidades, son unha vergoña. E todo isto porque, como deixou dito o ditador, houbo unha blindaxe e todo quedou «atado e ben atado», atado e ben atado con eses pactos tamén de silencio e de impunidade da Transición.

Impunidade cos crimes do franquismo que choca de fronte pola contra coa denuncia presentada contra as persoas que reclamaron o pasado 30 de agosto a devolución do Pazo de Meirás.

A Xunta de Galiza no goberno do Partido Popular, respecto da familia Franco, chegouille mesmo a subvencionar con 53.730 euros a apertura do pazo de Meirás. É dicir, que se lle deron 53.730 euros á familia Franco para abrir o pazo, que era algo que tiñan que facer por obriga legal.

Agora realmente estamos nun tempo novo a respecto desta cuestión, estamos nun cambio de ciclo a respecto do franquismo e, sobre todo, dos privilexios da familia Franco. É unha realidade, hai un movemento imparábel, un clamor social que estala agora, mais que vén xa de atrás, que ten os seus antecedentes.

Aquí hai, desde logo, unha demostración absolutamente clara e contundente do que pasou. E o que pasou foi un roubo e, polo tanto, este patrimonio non pode seguir pertencendo á familia Franco. Hai unha cantidade abrumadora de datos que demostran o espolio, o roubo, a maquinación ,con esa venda simulada do ano 1941, o uso por parte da Xefatura do Estado do pazo de Meirás como residencia oficial e a utilización de grandes cantidades de fondos públicos para a compra, para a ampliación da propiedade e para a reforma.

E voulles poñer unicamente un exemplo que demostra isto. Cando se fixo esa venda simulada do ano 1941, o pazo de Meirás tiña unha superficie de 5 hectáreas, e ao final da ditadura resulta que ten 9 hectáreas. Pois todas esas ampliacións da propiedade fixérонse con diñeiro público e con coacción de organismos públicos. E, polo tanto, é unha demostración absolutamente clara de que é unha propiedade que debe ser do patrimonio público.

Remato xa dicindo que precisamos rematar dunha vez con esa illa de impunidade que é Meirás, que son todas as propiedades e bens —non só Meirás— roubados pola familia Franco. Recentemente vimos o caso das esculturas do Pórtico da Gloria, tamén está o caso da Casa Cornide —e non son os únicos—. Precisamos rematar con ese auténtico pozo negro da democracia que é Meirás, con esa anomalía histórica. Precisamos facelo por decencia, por hixiene, por dignidade colectiva. E precisamos, en definitiva, comenzar a desatar o que quedou atado, e polo tanto dende Somos Cambados imos apoiar esta moción por que entendemos que as persoas que o pasado 30 de agosto realizaron esta acción pacífica e simbólica non poden ser condenadas nin denunciadas por quen roubou esa propiedade.


Toma a palabra seguidamente o Sr. Osorio, para decir que dende o PSOE apoiamos evidentemente esta moción, igual que fai un ano apoiamos a moción para a devolución do pazo a mans públicas.

Parece que en este país áinda hai quen pretende manterse por enriba dos demás, herdando uns privilexios acadados mediante a violencia. O pazo de Meirás non foi un regalo que o pobo alegremente e libremente lle fixera a Franco, como se fixo crer durante demasiado tempo. No clima de terror e brutal represión da época, está claro que non se tratou dunha xenerosa e altruísta acción. Todos sabemos as consecuencias que lles esperaban a quen se negaran a doar para a causa. No contexto no que se produciron os feitos, estamos a falar dun ROUBO a man armada.

Esta aclaración, que para algúns parécenos unha obviedade, pois resulta que non está tan demais, por desgraza, ter que explicala.

E o motivo que fai tan necesario e importante o coñecemento da historia recente do noso país, é porque existe áinda un franquismo sociolóxico que segue moi vivo (non hai máis que ver os comentarios recentes dunha deputada do PP, Begona García, na assemblea de Madrid). Non todo o mundo entendeu cal foi a derradeira lección do mestre, e incluso hai quen interesadamente a malinterpretou e terxiversou.

Polo tanto, e dada a natureza de roubo a man armada que supón a propiedade do pazo de Meirás, cremos que é unha cuestión de xustiza a devolución do inmoble ao pobo, por moito que haxa quen



pretenda seguir estando por enriba da xustiza e ditando sobre ela.

Unha xustiza que esperamos e desexamos actúe con sentido común ante este caso.

Xa que non é de recibo que se acuse de violación de morada un feito realizado durante un día de visita pública, na que se despregaron unhas pancartas, sin ningún tipo de dano nin estrago.

Tamén resulta chocante que se acuse de incitación ao odio a quen pide xustiza. Esto é o mundo ao revés.

Nunha sociedade democrática non ten cabida a existencia de fundacións que ensalcen ditaduras, e moito menos que reciban diñeiro público por ser declaradas de utilidade pública. Esto é unha anomalía á que se lle debe poñer fin, e que sería impensable en ningún país de Europa. Igual que está penada a apoloxía do terrorismo, e igual que sería ilegal en Alemaña unha fundación Hitler, parécenos que esta fundación non ten cabida na nosa democracia.

Por certo fai un ano, falei na miña intervención do preocupante auxe das ideoloxías extremistas en Europa, pero neste último ano o rexurdimento da extrema dereita en España está sendo demencial. Por eso é tan necesaria a pedagogía e a memoria, para non repetir as catastróficas consecuencias vividas non fai tanto tempo.

Por fortuna tamén hai que dicir que hai avances, e celebramos a decisión do goberno de Pedro Sánchez de exhumar os restos do ditador dun espazo público de permanente exaltación e homenaxe como é o valle dos caídos, ademais de outras iniciativas encamiñadas á ampliación e consolidación da lei de memoria histórica, ou iniciativas encamiñadas a evitar a exaltación do fascismo.

E pedimos, por suposto, ao goberno que se implique igualmente con respecto ao asunto do pazo. A este respecto, hai que indicar que os servizos xurídicos do estado están traballando na elaboración dun estudio para valorar cal é a mellor vía para incorporar o pazo ao patrimonio público. Un informe que tamén foi solicitado polo parlamento galego e pola deputación da Coruña, onde por certo houbo unanimidade e oxalá que aquí, esta vez, a haxa. Xa que cando se trata de xustiza, non cabe a equidistancia nin a ambigüidade.

Seguidamente intervén o Portavoz do Partido Popular, Sr. Aragunde Aragunde, e di que o seu Partido xa votou no Parlamento de Galicia que se devolvera o Pazo de Meirás. Esta Moción que se presenta é vinculante coa devolución do Pazo, pero na Moción fálase da sentencia que lles pode recaer a estas persoas e que en temas que están xudicalizados e se están investigando, vanse abster, independentemente que o Pazo teña que devolverse ao Pobo Galego e que sexa patrimonio de tódolos galegos e galegas.

Novamente toma a palabra, o Concelleiro de Cambados Pode, **Sr. Abal Varela**, que coida que esta Moción, dende o seu punto de vista non é de interese xeral para Cambados. Volve a insistir en que en un tema que está nos Xulgados e sen terse ditado sentencia algúns, non considera procedente este tipo de interferencias. Coida que ten moitas dúbidas ao respecto, que non se lle aclararon no debate e polo tanto absterase na votación.

En contestación á intervención do Sr. Abal Varela, toma a palabra o Sr. Caamaño Rivas, para dicirlle que o próximo mes de maio haberá eleccións e os políticos están obrigados a mostrar publicamente os seus posicionamentos e que os cidadáns cando votan deben saber o que votan e para iso necesitan saber onde están situados en cada momento. Remata a intervención dicindo que no seu caso si quere influír na sentencia xudicial porque lle parece unha inxustiza.

Non habendo máis intervencións, procédese coa **votación** da moción, arroxando o seguinte resultado.

Votos a favor: 8 (PSOE, BNG e Somos Cambados)

Votos en contra: 0

Abstencións: 7 (Partido Popular e Cambados Pode)

O Pleno da Corporación **aproba**, por maioría dos membros presentes na sesión plenaria, o acordo da **moción do B.N.G. en apoio ás persoas denunciadas por reclamar a devolución do Pazo de**

Meirás.

DILIXENCIA: Para facer constar que pola Alcaldía comunicase que se realizará un receso de 5 minutos na celebración da sesión, sendo as 23.15 reanudándose novamente ás 23.22.

Expediente 4101/2018.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE S/ CREACIÓN DA FIGURA DO DEFENSOR/A DAS XERACIÓNIS FUTURAS

Pola Concelleira do PSDEG-PSOE, Sra. Martínez Piñeiro, dáse lectura á Moción relativa a creación da figura do defensor/a das xeracións futuras, que di o seguinte:

“... O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á **CREACIÓN DA FIGURA DO/A DEFENSOR/A DAS XERACIÓNIS FUTURAS. - EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Existen numerosos instrumentos internacionais de protección ambiental que defenden ás xeracións futuras fronte á acción da humanidade do presente. O informe Brundtland “O noso Futuro Común” en 1987 sinala: “Tomamos prestado capital do medio ambiente das xeracións futuras”

O principio 3, da Declaración de Rio 1992 declara que “o dereito ao desenvolvemento debe exercerse en forma tal que responda equitativamente ás necesidades de desenvolvemento e ambientais das xeracións presentes e futuras”.

A Declaración sobre a Responsabilidade das Xeracións Presentes cara ás Xeracións Futuras formulada pola UNESCO no ano 1997 convida formalmente ás institucións públicas a prepararse resoltamente a salvagardar as necesidades e os intereses das xeracións futuras cun espírito de solidariedade.

O imperativo moral que esixe que se formulen para as xeracións presentes unhas directrices sobre o comportamento que cabe observar dentro dunha perspectiva de conxunto aberta ao porvir xa se está poñendo en práctica a través de institucións en diferentes países.

Non en van, en Suecia ou Finlandia existen figuras de protección ambiental con base na protección das xeracións futuras. Tamén Hungría institúe o Comisionado Parlamentario para as Xeracións Futuras, Bélxica a Fundación para as Xeracións Futuras, Alemaña a Fundación para os Dereitos das Xeracións Futuras ou no Reino Unido propúxose unha terceira Cámara Parlamentaria denominada Cámara dos Gardiáns do Futuro (xunto á Cámara dos Lores e a dos Comúns), para velar polos recursos das próximas xeracións.

Tendo presente que na Carta das Nacións Unidas os pobos da Terra expresaron a súa vontade de “preservar ás xeracións vindeiras” así como os valores e principios que consagra a Declaración Universal de Dereitos Humáns.

Tomando en consideración as disposicións do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, e do Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos, aprobados o 16 de decembro de 1966, e tamén as da Convención sobre os Dereitos do Neno aprobada o 20 de novembro de 1989.

Preocupados pola sorte das xeracións futuras ante os desafíos vitais que plantexa o próximo milenio e consciente de que nesta etapa da historia corre serio risco a perpetuación mesma da humanidade e o seu medio ambiente.

Afirmando a necesidade de establecer novos vínculos equitativos e globais de cooperación e solidariedade entre as xeracións e de promover a solidariedade entre xeracións no marco da continuidade da humanidade, co afán de preservar o noso entorno, en beneficio das xeracións futuras.

Lembrando que as responsabilidades das actuais xeracións para coas futuras xa foron mencionadas en



distintos instrumentos xurídicos como a Convención para a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural, aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO o 16 de novembro de 1972, o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica aprobado en Río de Janeiro o 5 de xuño de 1992, a declaración de Rio sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento o 14 de xuño de 1992, a Declaración e o Programa de Acción de Viena aprobados pola Conferencia Mundial de Dereitos Humanos o 25 de xuño de 1993, e as resolucións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre a protección do clima mundial para as xeracións presentes e futuras aprobadas desde 1990.

Recoñecendo que a tarefa de garantir a protección das xeracións futuras, en especial mediante a educación, constitúe unha parte importante da misión ética fundamental das institucións públicas.

Advertindo que o destino das xeracións vindeiras depende das decisións e medidas que se tomen hoxe, que os problemas actuais se deben resolver por conseguinte en interese das das xeracións presentes e futuras, e que a pobreza extrema, o subdesenvolvimento, a exclusión e a discriminación representan un perigo para as xeracións presentes e dan lugar a consecuencias nefastas para as vindeiras, convidando ás institucións públicas a prepararse para salvagardar dende agora as necesidades e os intereses das xeracións futuras cun espírito de solidariedade, sendo conscientes da incertidumbre actual no panorama internacional en relación á adaptación ao cambio climático.

Sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte:

ACORDO

1. *Propoñer a Nacións Unidas, como organismo representante dos pobos da Terra, a creación da institución do “Defensor/a das Xeracións Futuras”.*
2. *Propoñer ao Parlamento Europeo, como representante da soberanía popular dos pobos de Europa, a creación da institución do “Defensor/a das Xeracións Futuras”.*
3. *Propoñer ao Congreso dos Deputados, como representante da soberanía popular do Estado, a creación da institución do “Defensor/a das Xeracións Futuras”.*
4. *Propoñer ao Parlamento de Galicia, como representante da soberanía popular do pobo galego, a creación da institución do “Defensor/a das Xeracións Futuras”.*
5. *Comunicar á Fundación Savia a aprobación desta moción...”*

Rematada a lectura toma a palabra o Concelleiro de Cambados Pode, Sr. Abal Varela, para dicir que vai apoiar a Moción presentada.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Charlín Trigo, en nome do Grupo Político Somos Cambados, para dicir: “... As xeracións futuras ostentan un claro dereito a dispoñer dun medio ambiente san que posibilite a súa existencia no planeta ou a que non se esgoten os recursos naturais da Terra para que poidan seguir desenvolvendo a súa vida con harmonía e plenitude ou a ter unha óptima calidade de vida que non se vexa ameazada por un clima hostil e agresivo, froito do legado dos actos dos humanos que viviron no planeta no seu pasado.

Tanto as xeracións presentes como as futuras temos dereito a un patrimonio ambiental común. Xa que logo, este patrimonio debe ser protexido e salvagardado para ás xeracións futuras tal como fixérono por nós as xeracións que nos precederon.

O Informe Brundtland (“O noso futuro común”), afirma sen reviravoltas e con gran lucidez que: “actuamos coma se puidésemos saírnos coa nosa: as xeracións futuras non votan, non teñen poder político nin financeiro, non poden oponerse ás nosas decisións”.

Polo menos 13 países do mundo contan xa con esta figura de protección da humanidade do mañá.

Como ven na paxina web da Fundacion Savia, o defensor das Xeracións Futuras é unha institución que ten un obxectivo poñer voz ás xeracións que áinda están por chegar para que as decisións de hoxe non lastren a súa vida no planeta do mañá. Algo que dende Somos Cambados compartimos e polo tanto imos apoiar esta moción



que se debate hoxe no pleno..."

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que tódolos concellos e institucións que forman parte da Fundación Savia votaron a favor, chegando incluso a contar esta iniciativa con apoios persoais. Que a lista é moi longa e entre os integrantes hai Deputacións, colexios, asociacións, adegas e Concellos. Invita a que si algúen quere ter coñecemento do listado, simplemente deberá solicitalo e facilitaráselle unha copia.

Non habendo máis intervencións, procédese coa **votación** da moción, arroxando o seguinte resultado.

Votos a favor: 15 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode e Partido Popular)

Votos en contra: 0

Abstenciones: 0

O Pleno da Corporación aproba, por unanimidade, o acordo da moción de PSdeG-PSOE en relación coa creación da figura do defensor das xeracións futuras.

Expediente 4882/2018. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.-

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a exposición de motivos desta Moción, non necesita máis explicación que o que todos sabemos.

O 17 de novembro de 1999, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas declarou o día 25 de Novembro, que foi este domingo pasado, como Día Internacional de eliminación de violencia contra as mulleres e propúxolle a distintos gobernos, organizacións internacionais e organismos non gobernamentais, que desenvolvesen actividades dirixidas á sensibilizar poboación respectar do dereitos da muller e a defendela igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Neste Concello de Cambados ao longo de todo ano estanse a desenvolver actividades neste senso e, más concretamente, no mes de marzo e tamén nos de novembro e decembro.

Entende que tódolos días deberían ser internacionais e de apoio ás mulleres e sobre todo contra a violencia de xénero e por desgracia estamos nun Concello nos que os datos son cada vez máis alarmantes e máis numerosos.

Continúa a dicir a Sra. Abal Roma, que o que realmente lle entristece e que o Grupo da oposición municipal nunca participa nos actos contra violencia machista, contestándolle o portavoz da oposición que si non os invitan nin lles comunican non poden asistir, contestándolle pola Alcaldesa que tampouco invitan aos veciños un por un e asisten as lecturas dos manifestos, replicando o Sr. Aragunde Aragunde que, eles son concelleiros como vos. Continúa a dicir a Sra. Alcaldesa que non lle fai falla que nadie a invite para comparecer, que hai unha páxina de transparencia.

Intervén a Concelleira do Partido Popular, Sra. Oubiña Santos, para dicirlle que no seu traballo e nos xulgados escoita tamén a moitas mulleres maltradas, contestando a Sra. Alcaldesa que ese e o seu traballo e cobra por elo, mentres que ela o fai gratis.

Di que o goberno Socialista xa activou 200.000.000 € que tiña paralizados o Partido Popular do pacto do Estado, na conferencia sectorial de igualdade celebrada o día 31 de xullo e que aos Concellos nos corresponden 20.000.000 €, as CC.AA. 100.000.000 €, que se permiten incluso executar a longo de 2019. O 3 de agosto o goberno Socialista aprobou un RDL cunha medidas urxentes para o desenrolado do Pacto, que se fortaleza a tutela xudicial para mellora-las vítimas, coa designación urxente de

avogados/as e procuradores/as de oficio, as vítimas poderán persoarse como acusación particular nos procedementos, lle devolve algo moi importante aos concellos como son competencias, porque non hai que esquecer que as entidades locais son as administracións más próximas á ciudadanía e que está encantada de que en Cambados se conte con profesionais, que son as que realmente lles poden axudar como poden ser a psicóloga e avogada do CIM. Decir que os Concellos neses programas, que o Concello de Cambados, adherido a esos programas, está facendo unha serie de actividades e que activaron un programa ao que lle puxeron por nome “Cambadesas escola de empoderamento contra a violencia de xénero” que son as actividades que se van a realizar en base a esa subvención e que esperamos que teñan unha répercusión positiva e sobre todo unha visibilización e o que se pretende é unha mostra de apoio a todas esas mulleres e nenos/as que se ven nesa situación, que no noso concello é bastante alarmante e que vai en crecemento, polo tanto cada vez hai que invertir máis en erradicar e facer máis pedagogía dende as escolas e institutos. Dicir que en 2019 será nha partida de 40.000.000 € e que se duplicará e que boa falta fai.

Seguidamente dá lectura o texto da Moción que di o seguinte:

“... Todos os días do ano deberían ser 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero. O Grupo Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas deste mal social que debe ser erradicado. E para iso necesitamos o compromiso individual de toda a ciudadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade; non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista interpélanos a todos e todas e a nosa obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias. Para o PSOE, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas/os, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunas destas mulleres acaben asasinadas. A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres. O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións han de remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar ás administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron hai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplio consenso entre todos os grupos políticos. Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras pasouse aos feitos. Do inmobilitismo á acción e puxérone en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordáronse, por unanimidade, os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros, correspondentes ás Comunidades e cidades Autónomas, previstos no Pacto de Estado, e distribuíuse o fondo procedente da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os Concellos.

O 3 de Agosto aprobouse un Real Decreto Lei que xa foi convalidado, por unanimidade, no Congreso dos Deputados,

que: Devolve as competencias aos Concellos na promoción da Igualdade e a loita contra a Violencia de Xénero, establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán até 40 millóns no próximo ano. Os Concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso e, en ocasións, o único que teñen ao seu alcance as vítimas. Modifica a Lei Integral contra a Violencia de Xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilita o acceso aos recursos de asistencia, ao introducir que a acreditación de situacions de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Desta maneira facilitase o acceso a dereitos laborais e ás prestacións da Seguridade Social. Modifica o Código Civil para que os menores expostos á Violencia de Xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Este Decreto-Lei está a ser tramitado no Congreso dos Deputados como Proxecto de Lei, tal e como expuxo o Goberno, co obxectivo de que se poidan incorporar ao mesmo o resto de medidas do Pacto de Estado que requieren modificaciones legais.

Doutra banda, volveuse a pór en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previu solucións habitacionais para mulleres vítimas de Violencia de Xénero dentro do Plan Estatal de Vivenda. E o próximo curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade. Do mesmo xeito, nestes momentos, está a tramitarse no Congreso dos Deputados a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial, co obxectivo de formar aos xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén, recentemente, o Congreso dos Deputados admitiu a trámite a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral. Pola súa banda, no avance dos Orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de maneira completa o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a incrementar esta partida, de forma que os Concellos pasarán a percibir o dobre, é dicir 40 millóns de euros en 2019. En definitiva, consenso, si, pero responsabilidade e celeridade, tamén. Urxencia, eficacia, lealdade ao Pacto de Estado e compromiso político.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista propomos, para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.

2.- Instar ás Cortes Xerais a axilizar todos os cambios lexislativos impulsados polo Goberno para poder aplicar as medidas contidas no Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero o máis axiña posible.

3.- Instar ó conxunto dos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais a tramitar os Orzamentos Xerais de 2019, que suporán un incremento das partidas destinadas ás Comunidades Autónomas e aos Concellos para a loita contra a Violencia de Xénero.

4.- Que o Goberno insie ós medios de comunicación a evitar aqueles contidos que transmitan un estereotipo de relacións de parella baseado en comportamentos machistas.

5.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta do Goberno e Ministra de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e ao Presidente da Federación España de Municipios e Provincias (FEMP)...”

Toma a palabra o Concelleiro de Cambados Pode, Sr. Abal Varela, para dicir que vai a votar a favor e que hai que felicitarse porque cada vez hai máis colectivos de Cambados implicados nesta iniciativa e iso é importante, abrangiendo a toda a sociedade nesta causa. É moi importante o contar con recursos económicos porque fan falta para pode afrontar con máis garantías todas las accións

Seguidamente intervén o Concelleiro de Somos Cambados, Sr. Cordal Rodríguez, manifestando que dende Somos Cambados manifestamos o noso total e absoluto apoio ás vítimas da violencia machista, non so hoxe no debate desta moción con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, senón todos os días do ano.

Sabemos que queda moito por facer, pois a violencia machista é estrutural e afecta a todos os ámbitos nos que participamos: non só estamos expostos ás súas manifestacións más letais (os asasinatos), senón que a feminización da pobreza, a precarización das nosas condicións laborais, os teitos de cristal, a cultura da violación ou os roles de xénero hexemónicos que limitan a nosa capacidade de decisión, por citar algúns exemplos, son tamén formas de violencia coas que todas e todos convivimos.

Cómpre ter presente que cada vez que se agrede á nai dunha crianza, esta tamén é agredida, pois tamén son vítimas da violencia machista, inda que en demasiadas ocasións se tomen decisións que as deixan en situacións de desprotección, vulnerando os seus dereitos, sen que prime o interese superior

do menor ao non afastalo de quen agrede á súa nai.

En 2017 as denuncias vencelladas coa violencia machista en Galicia chegaron ao seu máximo histórico, contabilizándose 6.436.

Para fazer fronte á violencia machista, entre outros moitos aspectos, o emprego é un recurso clave, ao constituírse como un dos elementos que nos empodera transversalmente, incrementando a nosa autonomía, independencia e autoestima. O 71% das mulleres destacan o paro e as situacións de precariedade como principais freos para denunciar. Este dato constátase co da Fundación Adecco, que asegura que o 81% das vítimas de violencia machista atópanse desempregadas ou na economía mergullada.

Para rematar coa violencia machista, dende Somos Cambados seguimos esixindo:

-A dotación de recursos reais por parte das Administracións (non é de recibo que, en relación a fai unha década, o investimento relacionado co fomento da igualdade e a prevención da violencia machista se reduza nun 44% nos orzamentos da Xunta de 2019).

-O desenvolvemento e cumprimento da lexislación neste tema, noemadamente, de todos os puntos da Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

-Integrar a coeducación nos centros de ensino, incorporando a perspectiva de xénero nos plans de estudo.

-Formación en igualdade e violencia machista –obrigatoria e específica- para o conxunto de profesionais implicados/as e que interveñan no proceso educativo, xudicial, etc. (docentes, xudicatura, forzas de seguridade...).

Dende Somos Cambados participamos nos actos que tiveron lugar en Cambados con motivo do 25 de novembro e polo tanto imos apoiar esta moción que se debate hoxe neste pleno.

Toma a palabra o Concelleiro do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, para dicir que o seu grupo político vai a apoiar a Moción, xa que está dentro do seus principios loitar contra a violencia de xénero, que ten un lugar destacado e non só cando se acercan as datas.

Intervén o Portavoz do Grupo Político do Partido Popular, Sr. Aragunde Aragunde, que antes de nada ten que dicir que en un tema como este non se debería crear crispación nun plenario ou nun municipio e máis pola persoa que tiña que actuar con máis consenso que a máxima responsable deste Concello, como é a Alcaldesa.

Segue a dicir que o Partido Popular non ten que xustificarse de nada, pero que os representantes do P.P. non puideron estar aquí o venres, porque todos os seus compañeiros de partido son autónomos ou traballan e estaban nos seus postos de traballo e non tiñan ese día libre para poder asistir e que a única persoa que está liberada e que cobra por iso, é el e ese día tiña un cita médica e áinda que non fora así, o P.P. de Cambados participou en diferentes iniciativas ao longo desta fin de semana e compartiron todas e apoian todas. Houbo centos ou miles de iniciativas e onde non estiveron moralmente tamén as apoian e, como dicía o Sr. Cordal Rodríguez, é un traballo do día a día. O feito de participar en máis actos este día non significa que se apoie máis ás vítimas ou o que se apoie máis á causa.

Manifesta que é unha labor que temos que facer todos e unha lacra que está a vivir a sociedade, sendo increíble que no século XXI este pasando isto, que apoiarán esta iniciativa ou calquera outra similar.

Recrimina o feito de que non se lles avise cando hai unha iniciativa deste tipo, cualificando como unha falta de elegancia o non poñer en coñecemento dos restantes membros do pleno este tipo de actos, dado que noutras ocasións e fai tempo si se lles comunicaba. Coida que podería ter sido unha manifestación de toda a Corporación e non en exclusiva do Partido Socialista, que son temas de interese xeral e no que deberían participar todos. Continúa dicindo que así como se comunica un

brindis no fin de ano, debería facerse o mesmo con asuntos de interese xeral como o presente. Di que o seu Grupo Político votará a favor en apoio da Moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para decir que dálle moita mágoa que o Partido Popular non se una ás actividades que se fan contra a violencia de xénero, que non lle sirve de desculpa o dicir que é por motivos de traballo, pero que neste Concello se fan máis de 30 actividades en diferentes horarios, pola mañá ou pola tarde, en distintos días da semana e non ve o apoio do P.P., que lle agrada ver que o Portavoz do P.P. nesta ocasión non dixo que esta é unha moción de recheo, como dixo noutras ocasións.

Tamén lle choca que diga que o P.P. está defendendo este tipo de causas, cando teñen un compañoiro de Partido, Alcalde de Vilanova de Arousa e Presidente en funcións da Mancomunidade do Salnés, que ten cualificativos para a Presidenta da Deputación como "mamporrera", o que lle parece moi grave e que non fagan ningún tipo de manifestación ao respecto. Segue a insistir que se lle chame "mamporrera" a unha Presidenta da Deputación ou "chacha para todo" e, sen embargo dende esa bancada Popular se queden tan tranquilos, como senón pasara nada e así empezan as cousas, porque si este home fai estas declaracions dunha persoa pública conleva publicidade e isto é o que se lle da a ver a cidadanía. Os cualificativos utilizados lle parecen moi graves, porque é a educación que se lle está a dar aos rapaces e rapazas. Esto é o que lle damos a ver os partidos políticos e os representantes políticos e o que lle entristece non é comeza-la moción dicindo que non participan nos actos senón que teñen un representante, Presidente dunha Mancomunidade, home que a ela como Cambadesa non a representa, que lle da mágoa non estar no Pleno da Mancomunidade e que di e o repite onde sea, que lle dá asco que haia un dirixente político, Alcalde dun Concello veciño, que ademais é Presidente da Mancomunidade do Salnés e que lle chame a unha muller, e que lle da igual que sexa Presidenta da Deputación ou que sexa Alcaldesa, "mamporrera" ou "chacha para todo" e lle da moita mágoa que, por parte da bancada Popular ningúen se manifeste nin ningúen diga nada ao respecto como senón pasar nada, lle parece moi triste e moi degradante.

A continuación toma a palabra a Concelleira do Partido Popular, Sra. Oubiña Santos, para decir, simplemente por alusións, en primeiro lugar, que lle parece moi triste que unha alcaldesa encrespe un tema como este e, en segundo lugar, dixo que no seu caso porque ela cobra, coida que ningún compañoiro está no turno de oficio polo diñeiro, porque precisamente non é un turno pagado folgadamente. Están alí por vocación. Continúa a decir que porque non se presente a un acto organizado polo Concello non quere decir que non o apoie todos los días. Que ela traballa no turno de oficio de violencia de doméstica, de xénero específico, implica traballar as 24 horas para as mulleres e que si ten que coller un teléfono as 3.00, co cual non pode decir que non apoia ás mulleres, que o reitera que senón asiste a un acto non implica que non apoie ás mulleres. Traballa os 365 días do ano para esas mulleres, dende o inicio ata o remate dos procedementos xudiciais e as apoia é o vive diariamente. Replícallle á Sra. Alcaldesa que comece por coñecer e por informarse como funciona.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle á Sra. Oubiña Santos que tomai as alusións como algo persoal e saltou no momento cando dixo a "bancada popular". A Sra. Oubiña Santos dille que son persoas cos seus traballos e a súas obrigas e que non poídan ir en un acto en concreto non implica o seu apoio. Reitera que a actitude da Alcaldesa encrespou o debate dende o comezo.

Toma novamente a palabra a Sra. Alcaldesa para decir que lle dá moita mágoa que en máis de 30 actividades que se fan ao longo do ano non apareza nunca ningúen do Partido Popular e non en concreto á lectura do manifesto.

Contéstalle á Sra. Oubiña Santos que, cando ela era Concelleira de Servizos Sociais, non a tiña visto en acto algúin, contestando a Sra. Alcaldesa que so facían dous actos ao ano.

A Sra. Alcaldesa recrimina ao Sr. Portavoz do P.P. de que non se pronunciase contra as declaracíons de Gonzalo Durán, contestándoselle por este que hai máis de 30 alusíons de Carmela Silva con barbaridades contra compañeras, peores que as que dixo o Sr. Durán.

Toma a palabra o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, para dicir que non quere entrar no tema de Gonzalo Durán aquí e que coida que foi un erro, cita como exemplo o comportamento que tivo cunha portavoz do B.N.G. durante moitos anos. Que tenta ser coherente e que estivo como membro da oposición unha serie de anos e lle solicitara ao Partido Popular que o invitase a unha serie de actos e que como membro do Goberno teñen esta obriga. Cree que unha maneira de asegurarse que as persoas estean presentes, porque moitas veces non tes a oportunidade de ve-lo no periódico. Di que entrar en estas discusíons no lle parece procedente porque é un tema forte.

A Sra. Alcaldesa di que a diferenzia estriba en que antes non se publicaban os actos e hoxendía si, porque se ten un paxina web e unha de transparencia por árees, onde se actualiza diariamente a información, polo que calquera veciño ou membro da Corporación pode estar informado das actividades e polo que non se envían as invitacíons. Tamén di que, ao non dispoñer dos enderezos dos Concelleiros da oposición, como se dixo xa no último pleno, non se poden practicar as notificacións.

Contéstaselle polos Concelleiros do Grupo Popular, que é imposible porque a Policía Local saiba onde viven. Toma a palabra a Sra. Varela Piñeiro para dicirrle a Alcaldesa que deixe o tema porque o está poñendo cada vez peor, indicando que non levan precisamente dous anos na Corporación, como para que a Policía Local non sepa onde localizalos e que teñen os mesmos domicilios dende fai 10 anos, polo tanto non cambiou ningún.

Non habendo máis intervencións, procédese coa **votación** da moción, arroxando o seguinte resultado.
Votos a favor: 15 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode e Partido Popular).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

O Pleno da Corporación **aproba**, por unanimidade, o acordo da **moción do PSdeG-PSOE en relación co Día Internacional da Violencia de Xénero**.

DILIXENCIA: Intervén neste intre a Sra. Secretaria para dicir que son as 0.00 horas e, de conformidade co establecido polo artigo 87 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), deberá respectarse o principio de unidade de acto, polo que procede que a Sra. Alcaldesa levante a sesión e os asuntos que non puideron ser debatidos nesta sesión, deberán incluirse na Orde do Día da seguinte que se celebre. A tal efecto fará constar unha dilixencia nos asuntos non tratados na presente sesión.

Expediente 4959/2018.- MOCIÓN DO P.P. S/RESTABLECIMENTO DO SERVIZO NOCTURNO DE FIN DE SEMANA POR PARTE DA POLICÍA LOCAL

Dilixencia: Para facer constar que, por ser as 0:00 horas, a Alcaldía levanta a sesión e os asuntos incluídos na Orde do Día e que non foron tratados hoxe, como é no presente caso, incluiranse na convocatoria que se curse para a vindeira sesión plenaria.

Expediente 4994/2018.- MOCIÓN DO P.P. S/SOLICITUDE AO DIARIO "MARCA" RECTIFICACIÓN PÚBLICA HACIA O CLUB JUVENTUD CAMBADOS POLO



PUBLICADO O 19/11/2018

Dilixencia: Para facer constar que, por ser as 0:00 horas, a Alcaldía levanta a sesión e os asuntos incluídos na Orde do Día e que non foron tratados hoxe, como é no presente caso, incluiranse na convocatoria que se curse para a vindeira sesión plenaria.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA.-

Dilixencia: Para facer constar que, por ser as 0:00 horas, a Alcaldía levanta a sesión e os asuntos incluídos na Orde do Día e que non foron tratados hoxe, como é no presente caso, incluiranse na convocatoria que se curse para a vindeira sesión plenaria.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓN LIBRES

Non hai asuntos

Pola Presidencia procédere a dar por finalizada a sesión, sendo as 0:00 horas, estendéndose a presente minuta-borrador da acta, que asinan a Sra. Alcaldesa xunto coa Secretaria que da fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 5GL77MG755RV9DEFY9UH3EX | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.es|Público | Páxina 26 a 26



EUROPEAN
WATER
WEEK
CAMBADOS (SPAIN)

PLAZA DO CONCELLO, 1 - 366 30 - CAMBADOS - TEL.: 986520902/094 3/0951 - FAX: 986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - C.I.F: P 3600600E

